

Denominación do posto: xefe de Servizo de Coordinación de Políticas Comunitarias.

Nivel: 28.

Centro directivo ou dependencia: Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios.

Localidade: Santiago de Compostela.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Resolución do 11 de marzo de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades ou substitucións para impartir docencia de relixión nos centros públicos de educación infantil, primaria, educación infantil e primaria, centros públicos integrados e institutos de educación secundaria.

Advertido un erro na citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 55, do martes 18 de marzo de 2008, é necesario efectuar a seguinte modificación:

No anexo III, páxina 4.750, onde di: «3. Formación e perfeccionamento (máximo 4 puntos)», debe dicir: «3. Formación e perfeccionamento (máximo 6 puntos)».

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Corrección de erros.-Resolución do 14 de febreiro de 2008, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de xefatura de persoal de xestión e servizos-xefe da Sección de Sistemas de Información Sanitaria.

Advertido erro no anexo da citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 49, do 10 de marzo de 2008, cómpre efectuar as oportunas correccións:

Na páxina 4.088 no anexo, onde di: «Denominación do posto; xefe da Sección de Sistemas de Información Sanitaria do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Nome e apelidos: Patricia Fé Alonso López

DNI: 36092627-S», debe dicir: «Denominación do posto; xefe da Sección de Sistemas de Información Sanitaria do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Nome e apelidos: Fé Patricia Alonso López

DNI: 36092627-S».

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 5 de marzo de 2008 pola que se convoca concurso de acceso a prazas de corpos docentes universitarios.

En cumprimento do disposto na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (en diante LOU), no Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos (en diante RDH), e a teor do establecido no decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio (DOG do 17 de xuño), polo que se aproban os estatutos da Universidade da Coruña (no sucesivo EUDC).

Esta reitoría, en exercicio das competencias atribuídas polo artigo 36 dos EUDC, conforme o acordo adoptado polo Consello de Goberno na súa sesión do día 26 de abril de 2007, resolveu convocar os correspondentes concursos de acceso ás prazas de corpos de funcionarios docentes universitarios que se relacionan no anexo I desta resolución, comunicadas no seu día á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria para os efectos de habilitación, con suxeición ás seguintes bases:

1. Normas xerais.

1.1. Estes concursos rexeranse polo disposto na LOU, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada parcialmente pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (en diante LRX-PAC), no RDH, nos EUDC, na normativa pola que se regulan os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios, aprobada por acordo do Consello de Goberno da Universidade da Coruña do 29 de abril de 2005, por estas bases de convocatoria e, con carácter supletorio, polo previsto na lexislación xeral de funcionarios civís do Estado.

1.2. Os concursos de acceso terán procedemento independente para cada praza ou prazas convocadas nunha mesma área de coñecemento cuxas características resulten idénticas.

1.3. O cómputo dos prazos establecidos nesta convocatoria axustarase ao disposto no artigo 3 da normativa desta universidade pola que se regulan os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios.

Para o cómputo de prazos o mes de agosto será inhábil para todos os efectos.